

1. O circuío

Coa organización da Sociedade Gimnástica de Pontevedra, o patrocinio do Concello de Pontevedra e Supermercados Froiz, e a colaboración da Federación Galega de Atletismo e da Xunta de Galicia, celebraranse no CGTD de Pontevedra cinco xornadas de atletismo:

- **1ª Xornada 04/05/2022 - XLVIII Trofeo Boa Vila**
- **2ª Xornada 18/05/2022 - XLVI Trofeo Sociedade Gimnástica Pontevedra**
- **3ª Xornada 01/06/2022 - XXVII Trofeo Cidade de Pontevedra**
- **4ª Xornada 15/06/2022 - XXIII Memorial Celso Mariño**
- **5ª Xornada 16/07/2022 - XLVI Trofeo Virxe Peregrina (Calendario Nacional)**

2. Probas por xornada

No seguinte cadro amosamos a previsión de probas a disputar nas diferentes xornadas. Dita previsión poderá sufrir modificacións se a organización así o estima.

Data	04/05/22	18/05/22	01/06/22	15/06/22	16/07/22
Carreiras	100	100	100	100	100
	400	200	100 v	200	100 v
	400 v	800	400	800	400
	1500	3000	600	1000	1500
	4x100	3000 m.M.	1500	5000	
	-	4x100	4x100	4x100	
Salto	Pértega	Altura	Pértega	Altura	Pértega
	Lonxitude	Triplo	Lonxitude	Triplo	Lonxitude
Lanzamentos	Disco	Xavelina	Martelo	Peso	Disco
	Martelo	Disco	Xavelina	Disco	Xavelina
Menores	50-60-80	500/1000	1000/80v	50-60-150	Lonxitude
	Pelota	Xavelina	Pelota	Altura	500

3. Participación

Poderán participar atletas con licenza federativa en vigor. Terán prioridade de participación atletas con licenza polo club organizador e seguidamente atletas dos clubs filiais ou con acordo de colaboración coa entidade organizadora.

No caso de atletas doutras comunidades que queiran tomar parte nalgunha das catro primeiras xornadas do circuío terán que solicitar no email: info@sgpontevedra.com; cunha antelación de 15 días a súa intención de participación. A organización determinará se pode ou non participar.



Concello
de Pontevedra



4. Inscripcións

As inscricións realizaranse a través do sistema online da web da RFEA <https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata as 22:00 h. do sábado anterior a data da competición. Non se admitirán inscrición fóra de prazo.

5. Dorsais

Cada atleta retirará o seu dorsal na zona habilitada a tal efecto ata 45 minutos antes da súa proba. Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

6. Sancións

Calquera atleta coa inscrición realizada que finalmente non participe nalgunha das xornadas, quedarán sancionados sen poder participar na seguinte competición que se inscriban organizada pola Sociedad Gimnástica de Pontevedra, salvo xustificación comunicada por escrito ao email info@sgpontevedra.com. No caso de lesión deberá acreditar xustificante.

7. Premios

Os deportistas de categoría sub 20 e superiores optarán a premios económicos por sectores. De xeito que a mellor marca masculina e feminina de todas as xornadas do circuíto segundo a táboa de puntuación W.A. 2017 de carreiras, de saltos e de lanzamentos obterá un premio de 100 €. Sendo un total de 6 premios, 3 para homes e 3 para mulleres.

Por outra banda os participantes de categoría sub 18 e inferiores de cada xornada entrarán nun sorteo dun vale de 50€ para empregar na tenda MILER. Realizarase un sorteo por cada unha das catro primeiras xornadas.

Será obrigatorio presentarse o día da última xornada para poder recoller o premio. En caso contrario entenderase que renuncia ao premio.